



## CONCELLO DE SANTIAGO

### INFORME DE AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS PRESENTADAS PARA O CONCURSO DE MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS PARA O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

É obxecto do presente informe a valoración das propostas presentadas no procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación de seguros privados para o Concello de Santiago de Compostela, **CON/93/2012**.

De conformidade co establecido no prego de cláusulas administrativas os criterios con arreglo aos que se efectuará a avaliación serán os seguintes:

#### **Criterios de adxudicación non avaliados mediante cifras ou porcentaxes:**

##### 1.- Programa de Traballo e Metodoloxía proposta para a execución do servizo. Ata 20 puntos.

Farase unha valoración global da proposta, tendo en conta en particular os medios de interlocución, tempos de resposta á realización de consultas, periodicidade na elaboración de informes de sinistralidade, etc. Este apartado non poderá ter unha extensión superior ás 30 páxinas.

Valorarase do seguinte xeito:

- Proposta de xestión, control e seguimento de sinistralidade: Ata 10 puntos.
- Proposta sobre organización, desenvolvemento e coordinación do servizo de asesoramento: Ata 10 puntos.

As **propostas recibidas** para este procedemento, tal e como consta no expediente, son as seguintes:


- Oferta 1: BVC Artai Correduría de Seguros SA
- Oferta 2: CXG Willis Corporación Caixa Galicia correduría de seguros SA
- Oferta 3: AON Gil y Carvajal correduría de seguros

#### **ANÁLISE DA OFERTA:**

**Criterio: Programa de traballo e metodoloxía proposta para a execución do servizo: Ata 20 puntos.**

**Subcriterio 1: Proposta de xestión, control e seguimento de sinistralidade: Ata 10 puntos.**

**Oferta 1 : BVC Artai Correduría de Seguros SA.**



## CONCELLO DE SANTIAGO

Estructura a proposta para este subcriterio en seis ítems que definen paso a paso as actuacións concretas a realizar na tramitación do procedemento ante un sisintro. En materia de **Xestión**, a proposta céntrase na búsqueda da colaboración mediador-Concello plantexando unha intervención presencial do responsable da conta, licenciado en ciencias económicas e empresariais, e a posibilidade de consultas *on line*.

Ofértase a opción de que sexa a propia correduría a que actúe en representación do Concello na tarefa de recabar datos dos interesados.

Defínese un protocolo de actuacións detallado que inclúe a totalidade das fases da tramitación das reclamacións. Propón a elaboración dun informe semestral de siniestralidade así como dúas accións formativas dirixidas ao personal municipal encargado da tramitación que, aínda que non se definen con un cómputo de horas comprometidas, se reflexan os seus contidos: asesoramento, elaboración de modelos de documentos, programa divulgativo sobre procedementos e sesións formativas.

Especifica, por cada tipo de risco, un programa moi detallado de xestión, control e seguimento dos sinistros en tramitación.

Define **controis** mensuais sobre estado de tramitación e trimestrais sobre extracto de franquicias abonadas e pendentes. Os informes semestrais arriba mencionados e un informe anual de siniestralidade con propostas de melloras de xestión.


Compromete a elaboración dos informes xurídicos e técnicos necesarios para a tramitación dos expedientes así como a elaboración dun manual de procedementos e xestión.

**Subcriterio 2: Proposta sobre organización, desenvolvemento e coordinación do servizo de asesoramento: Ata 10 puntos.**

Estructura o programa de traballo en cinco fases definiendo polo miúdo os seus contidos e comprometendo un calendario de traballos.

Así, a primeira actuación proposta sería a elaboración dunha **auditoría de seguros en vigor e análise de necesidades** que inclúe dez puntos de análise, e concretamente:

- ✓ Análise de **riscos** que afectan ao concello de Santiago.
- ✓ Análise das **pólizas en vigor** con emisión de informe de avaliación con propostas de idoneidade ou non das pólizas subscritas.
- ✓ Análise de calquera outro documento formalizado que teña relación co obxecto do contrato.
- ✓ Análise dos procedementos establecidos ata a data.
- ✓ Enxeñería de prevención de riscos que supón a elaboración de informes de recomendacións nesta materia.
- ✓ Actualización de capitais que implica o asesoramento municipal na valoración de activos.



## CONCELLO DE SANTIAGO

- ✓ Análise de contratos con terceiros, revisando pólizas de contratistas e proponiendo a redacción de cláusulas para incluir nos pregos que o precisen.
- ✓ Análise de sinistralidade histórica con proposta de medidas correctoras.
- ✓ Dictamen de necesidades.

As fases seguintes definen detalladamente as actuacións orientadas á **elaboración dos pregos de cláusulas** para a licitación das pólizas e o **asesoramento** na valoración das ofertas presentadas. Finalmente define o programa de seguros concretando o cronograma de implantación, detallando o equipo humano con respecto ao cal compromete a disponibilidad non solo da oficina de Santiago sinon á das oficinas de A Coruña e Vigo. Ofrece o prazo de 10 días para a emisión de informes ordinarios e 5 para a emisión de informes urxentes.

Como contidos adicionais , ofrecen a elaboración dun informe que axude ao Concello na negociación do Concerto para a contribución aos servizos de Extinción de Incendios ; prazo de resposta en 24 horas a cuestións sobre pólizas ; elaboración do programa de seguros personalizado en un mes ; informe detallado sobre pólizas de contratistas do Concello en 48 horas ; asesoramento específico en materia de accidentes en instalacións municipais.

### Oferta 2: CXG Willis Corporacion Caixa Galicia correduría de seguros SA

#### **Subcriterio 1: Proposta de xestión , control e seguimento de sinistralidade: Ata 10 puntos.**

Estructura a súa oferta para este subcriterio en fases. Parte dunha **análise da situación** actual do sistema operativo en marcha e dos protocolos , con proposta de melloras concretas, para , posteriormente, detallar as actuacións en cada unha das fases propias da tramitación dunha reclamación ou sinistro. Centra a atención nas **canles de comunicación**, *on line* e presencial e no apoio técnico especializado que se precise.

Presenta un modelo xenérico de **protocolo de actuación** e ofrece a realización de xornadas de información do sistema operativo de comunicación de incidencias .

Con respecto aos informes de sinistralidade ofertan un informe de sinistralidade histórica , informes mensuais e informes individuais por sinistro.

Describe con moito detalle a plataforma *on line* a empregar no intercambio de información. Propón a creación dunha Comisión de seguimento de sinistralidade.

Do exame global da oferta para este subcriterio obsérvase que cumpre o prego si ben se centra en exceso na descripción da ferramenta informática en detrimento dunha proposta con definición de actuacións concretas de xestión.

#### **Subcriterio 2: Proposta sobre organización , desenvolvemento e coordinación do servizo de asesoramento: Ata 10 puntos.**



## CONCELLO DE SANTIAGO

Definen o programa de actuación a partir da contratación da póliza polo concello que se concreta na validación das mesmas , negociación de actualizacións, validacións de suplementos e primas e emisión de certificados.

Para as renovacións de contratos plantexarán ao Concello os cambios que resulten precisos sobre os contratos anteriores.

Ofertan asesoramento sobre a adecuación dos contratos suscritos as condicións do mercado, solución as consultas técnicas formuladas e emisión dos seguintes informes:


- ✓ Informe de situación de pólizas vixentes con proposta de melloras susceptibles de introducir.
- ✓ Informe de auditoría e de siniestralidade.
- ✓ Informe de asesoramento en confección de pregos de prescripcións técnicas que se emitirá no prazo máximo de 24/48 horas desde a solicitude polo Concello.
- ✓ Informes técnicos de adxudicación de ofertas aseguradoras a emitir en prazo de 24/48 horas a partir da solicitude polo Concello.
- ✓ Informes de situación da conta. A emitir mensualmente. Incorporarán traballos desenvolvidos, conclusións sobre estos e plans de traballo futuro.
- ✓ Informe previo á finalización da póliza catro meses antes do remate de cada póliza.
- ✓ Informe anual resumo de pólizas, siniestralidade e plantexamento de modificacións. A emitir nas 24 horas seguintes ao remate do contrato.
- ✓ Informe de renovación de pólizas. A emitir dous meses antes do remate.
- ✓ Informes sobre o plan de prevención de riscos. Tres informes anuais.
- ✓ Manual de seguros. Elaboración anual. Contén unha explicación completa das pólizas subscrita e información sobre a forma de actuación en caso de sinistro.
- ✓ Informe de solvencia das aseguradoras. Emitido dentro do informe de renovacións e informe anual.
- ✓ Notas informativas técnicas emitidas a petición municipal para a avaliación dos sinistros.
- ✓ Asesoramento en cláusulas referentes a seguros a incluír nos pregos administrativos

### Oferta 3: AON Gil y Carvajal correduría de seguros

#### **Subcriterio 1: Proposta de xestión , control e seguimento de siniestralidade: Ata 10 puntos.**

Estructura a oferta distinguendo entre unha **etapa de prevención** que se concreta na elaboración de manuais e protocolos; **fase de xestión** que detalla as actuacións a desenvolver en caso de sinistro. A comunicación Concello – AON realizarase por medios telemáticos encriptados , para cumprir a LOPD.

Distinguen diferentes formas de tramitación en atención aos diferentes tipos de sinistros. Xunto cun procedemento xeral, ofrécese unha serie de reximenes especiais:



## CONCELLO DE SANTIAGO

- **Sinistros de elevada cuantía ou complexidade** no que intervén a figura do perito en defensa do asegurado ( perito actualmente non incluído nas pólizas suscritas polo Concello ). Apoio da división especializada de Aon Risk Consulting en caso de discrepancias coa compañía aseguradora.
- **Sinistros de frecuencia ou importe inferior a franquicia.** Emprego de aplicacións informáticas específicas.
- **Sinistros a cargo do consorcio de Compensación de seguros.** Seguimento dos mesmos.
- **Sinistros inicialmente rehusados.** Estudio xustificativo para rebatir a proposta de rehus.

Elaboración de informes de sinistralidade coa periodicidade fixada no prego e propón celebración de reunións así como creación da comisión de sinistralidade.

**Aplicacións informáticas:** Portal web para incorporar a totalidade da información de pólizas e sinistros con sistemas de alertas.

Aon line como sistema para consultas de pólizas, recibos e sinistros.

e-Prosi. Aplicación para xestión de sinistros a través da web de Aon.

**Subcriterio 2: Proposta sobre organización , desenvolvemento e coordinación do servizo de asesoramento: Ata 10 puntos.**

Propón a realización dunha auditoría dos riscos aos que está sometido o Concello, con proposta de recomendacións para os contratos con terceiros e de seguridade de prevención e protección de riscos patrimoniais así como unha auditoría das pólizas en vigor.

Detalla os traballos incluídos nos conceptos de xestión de pólizas como controis de pagos e recibos, previsión de pagos, actualizacións do límites de indemnización, control dos procesos de renovación.

Inclúe a formación ao persoal municipal mediante a organización de xornadas de formación e a elaboración dun manual de seguros.

Describe as reunións de coordinación e define o contido dos informes anuais, semestrais , trimestrais e semanais.

Propón unha tabla excel para o control dos traballos encomendados.

Establece como tempo máximo para a emisión dos informes solicitados o de 5 días hábiles se ben, en caso de urxencia será de 1 día hábil.

Describe as tarefas do equipo de traballo distinguindo entre o equipo de dirección , que non define, e o persoal técnico que prestan o seus servizos desde as oficinas de Vigo e A Coruña.



## CONCELLO DE SANTIAGO

### VALORACIÓN DAS OFERTAS. PUNTUACIÓNS:

#### **Subcriterio 1: Proposta de xestión , control e seguimento de sinistralidade: Ata 10 puntos.**

A totalidade dos licitadores presenta unha documentación tecnicamente correcta e axustada ao prego, se ben a aportada pola correduría BVC ARTAI céntrase , de xeito máis específico, na colaboración presencial corredor-concello como eixe central da xestión. Aínda que a totalidade das ofertas contemplan metodoloxía *on line* para efectuar o seguimento das actuacións, a oferta da empresa WILLIS hace recaer o peso da mesma neste tipo de comunicación dedicando boa parte da memoria a describir a ferramenta informática a empregar, o cal opera en detrimento da elaboración dun programa de xestión específico para o Concello.

A oferta de AON, basea a súa proposta de xestión nos protocolos de actuación que son empregados con carácter xeral en calquera administración.

Centra a proposta de xestión nunha clasificación de sinistros pouco operativa para a realidade municipal toda vez que, por exemplo, fai referencia á presenza dun perito de defensa do asegurado que debería incluír o Concello nas súas pólizas.

Desde un punto de vista práctico e , sen perxuízo da utilidade das consultas on line, a xestión dos expedientes de reclamacións de responsabilidade patrimonial na Administración, esixe un contacto persoal entre o responsable da conta e o instructor municipal do procedemento polo que se valora positivamente a oferta de BVC ARTAI que centra o proxecto de xestión neste aspecto.

Así mesmo, considerase ésta como a oferta que define un programa de xestión máis específico para o Concello de Santiago.


En materia de seguimento e control, a totalidade das empresas ofertan a elaboración de informes superando los mínimos dos pregos.

#### **Puntuacións do subcriterio:**

**BVC ARTAI CORREDURÍA DE SEGUROS SA : 10 PUNTOS.**

**CXG WILLIS CORPORACIÓN CAIXA GALICIA SA : 9 PUNTOS.**

**AON GIL Y CARVAJAL CORREDURÍA DE SEGUROS: 9 PUNTOS.**



## CONCELLO DE SANTIAGO

**Subcriterio 2: Proposta sobre organización , desenvolvemento e coordinación do servizo de asesoramento: Ata 10 puntos.**

A totalidade das propostas satisfacen os parámetros do prego en canto á realización dos traballos propios dun servizo de mediación, ofertando reducións nos tempos de resposta de emisións de informes.

**Puntuacións do subcriterio:**

**BVC ARTAI CORREDURÍA DE SEGUROS SA : 10 PUNTOS.**

**CXG WILLIS CORPORACIÓN CAIXA GALICIA SA : 10 PUNTOS.**

**AON GIL Y CARVAJAL CORREDURÍA DE SEGUROS: 10 PUNTOS.**

**PUNTUACIÓN TOTAL:**


**BVC ARTAI CORREDURÍA DE SEGUROS SA : 20 PUNTOS.**

**CXG WILLIS CORPORACIÓN CAIXA GALICIA SA : 19 PUNTOS.**

**AON GIL Y CARVAJAL CORREDURÍA DE SEGUROS: 19 PUNTOS.**

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2013.

A XEFE DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN,  
  
Asda Rocio Montañes Fernández



## CONCELLO DE SANTIAGO

### INFORME VALORATIVO DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN EVALUABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES DAS OFERTAS PRESENTADAS Á LICITACIÓN DO SERVIZO DE MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS PARA O CONCELLO . CON/93/2012.

É obxecto do presente informe a valoración das ofertas presentadas á licitación de referencia en atención aos criterios evaluables mediante cifras ou porcentaxes contidos no prego de cláusulas administrativas que se concretan nos seguintes:

#### “Melloras propostas. Ata 8 puntos.

DEFINICIÓN DA MELLORA	PRAZO FIXADO NO PREGO	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Informe anual dos resultados obtidos na anualidade correspondente (2 puntos)	Dous meses antes do vencemento de cada período.	3 meses antes do vencemento de cada período.
Detalle da relación de suplementos de altas e baixas cos custos correspondentes (2 puntos)	Semestralmente.	Trimestralmente.
Envío de cartas de garantía, certificados de seguros, suplementos de altas e baixas e os apéndices (2 puntos)	7 días seguintes a partir daquel en que se lle solicitaron.	3 días seguintes a partir daquel en que se lle solicitaron.
Envío de pólizas de seguros debidamente revisadas (2 puntos)	30 días seguintes á data de efecto das mesmas.	15 días seguintes á data de efecto das mesmas.

As ofertas que ofrezan a mellora nos prazos establecida no cadro recibirán a máxima puntuación, o resto de ofertas valoraranse de forma proporcional.

#### Mellor prezo a retribuír polas entidades aseguradoras. Ata 15 puntos.

Indicarase a porcentaxe sobre as primas netas das pólizas dos seguros que se contraten, que deberán satisfacer as entidades aseguradoras.


Outorgarase a máxima puntuación á comisión máis baixa, calculándose de xeito inversamente proporcional a puntuación para as ofertas que ofrezan comisións superiores á mínima.”

O contido das ofertas é o seguinte:

#### Bvc Artai Correduría de Seguros SA

DEFINICIÓN DA MELLORA	PRAZO FIXADO NO PREGO	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Informe anual dos resultados obtidos na anualidade correspondente (2 puntos)	Dous meses antes do vencemento de cada período.	3 meses antes do vencemento de cada período.
Detalle da relación de suplementos de altas e baixas cos custos correspondentes (2 puntos)	Semestralmente.	Trimestralmente.
Envío de cartas de garantía, certificados de seguros, suplementos de altas e baixas e os apéndices (2 puntos)	7 días seguintes a partir daquel en que se lle solicitaron.	3 días seguintes a partir daquel en que se lle solicitaron.
Envío de pólizas de seguros debidamente revisadas (2 puntos)	30 días seguintes á data de efecto das mesmas.	15 días seguintes á data de efecto das mesmas.





## CONCELLO DE SANTIAGO

Comprométese a executar o contrato de referencia polos seguintes importes:

- 7'5 % no seguro de danos patrimoniais.
- 7'5 % no seguro de responsabilidade civil e patrimonial.
- 5 % no seguro de accidentes.
- 7'5 % no seguro de vehículos.
- 5 % en novas necesidades que se engadan.

### CXG Willis Corporación Caixa Galicia Correduría de Seguros SA

DEFINICIÓN DA MELLORA	PRAZO FIXADO NO PREGO	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Informe anual dos resultados obtidos na anualidade correspondente (2 puntos)	Dous meses antes do vencemento de cada período.	3 meses antes do vencemento de cada período.
Detalle da relación de suplementos de altas e baixas cos custos correspondentes (2 puntos)	Semestralmente.	Trimestralmente.
Envío de cartas de garantía, certificados de seguros, suplementos de altas e baixas e os apéndices (2 puntos)	7 días seguintes a partir daquel en que se lle solicitaron.	3 días seguintes a partir daquel en que se lle solicitaron.
Envío de pólizas de seguros debidamente revisadas (2 puntos)	30 días seguintes á data de efecto das mesmas.	15 días seguintes á data de efecto das mesmas.

Comprométese a executar o contrato de referencia polos seguintes importes:

- 7'5 % no seguro de danos patrimoniais.
- 7'5 % no seguro de responsabilidade civil e patrimonial.
- 5 % no seguro de accidentes.
- 7'5 % no seguro de vehículos.
- 5 % en novas necesidades que se engadan.

### AON Gil y Carvajal SAU Correduría de Seguros

DEFINICIÓN DA MELLORA	PRAZO FIXADO NO PREGO	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Informe anual dos resultados obtidos na anualidade correspondente (2 puntos)	Dous meses antes do vencemento de cada período.	3 meses antes do vencemento de cada período.
Detalle da relación de suplementos de altas e baixas cos custos correspondentes (2 puntos)	Semestralmente.	Trimestralmente.
Envío de cartas de garantía, certificados de seguros, suplementos de altas e baixas e os apéndices (2 puntos)	7 días seguintes a partir daquel en que se lle solicitaron.	3 días seguintes a partir daquel en que se lle solicitaron.
Envío de pólizas de seguros debidamente revisadas (2 puntos)	30 días seguintes á data de efecto das mesmas.	15 días seguintes á data de efecto das mesmas.

Comprométese a executar o contrato de referencia polos seguintes importes:

- 7'5 % no seguro de danos patrimoniais.
- 7'5 % no seguro de responsabilidade civil e patrimonial.



## CONCELLO DE SANTIAGO

5 % no seguro de accidentes.  
7'5 % no seguro de vehículos.  
5 % en novas necesidades que se engadan.

### VALORACIÓN:

#### Melloras propostas: Ata 8 puntos.

Bvc Artai Correduria de Seguros SA : 8 puntos

CXG Willis Corporación Caixa Galicia Correduría de Seguros SA : 8 puntos.

AON Gil y Carvajal SAU Correduría de Seguros: 8 puntos

#### Mellor prezo a retribuir pola entidades aseguradoras: Ata 15 puntos

Bvc Artai Correduria de Seguros SA : 15 puntos

CXG Willis Corporación Caixa Galicia Correduría de Seguros SA : 15 puntos.

AON Gil y Carvajal SAU Correduría de Seguros: 15 puntos.

### PUNTUACIÓN TOTAL SEGUN CRITERIOS DE VALORACIÓN

**Bvc Artai Correduria de Seguros SA : 43 puntos**

**CXG Willis Corporación Caixa Galicia Correduría de Seguros SA : 42 puntos.**

**AON Gil y Carvajal SAU Correduría de Seguros: 42 puntos**

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2013.

A Xefe do Servizo de Contratación e Servizos Comunitarios.



**Agdo. Rocio Montañés Fernández**